

SESIÓN ORDINARIA DE 7 DE SETEMBRO DE 2.012

Na Casa Consistorial de Outeiro de Rei, sendo as trece horas e trinta e cinco minutos do día 7 de setembro de dous mil doce, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, D. José Pardo Lombao, e asistencia do Secretario, D. José María Vázquez Pita, reuníronse os Srs. Concelleiros D. José Yebra Amorín, D. Antonio López Pérez, D^a Pilar Méndez Lombao, D. Jesús Fernández García, Dona María José Martínez Vigo, D. Serafín Vázquez Arias, D. Miguel Ángel López Varela e D. Arcadio Lombao Román,, co obxecto de celebrar a presente sesión extraordinaria.

Xustifican a súa ausencia José Manuel Carral Méndez e Begoña Seco Varela. Ésta última incorpórase ao debate no punto 5º da orde do día.

Aberto o acto pola Presidencia, pasouse ao exame dos asuntos comprendidos na orde do día, adoptándose os seguintes acordos:

1. SUSPENSIÓN DE OUTORGAMENTO DE LICENCIAS EN SOLO URBANIZABLE DA PARROQUIA DE ROBRA

Ponse de manifesto a seguinte proposta de Alcaldía:

“José Pardo Lombao, Alcalde del Ayuntamiento de Outeiro de Rei, en el ejercicio de las competencias que me atribuye el artículo 21.1 de la Ley 7/1985, de 2 de abril, expongo:

Con fecha de 14 de noviembre de 2011, el Alcalde remitió al órgano ambiental el anteproyecto de modificación puntual de las Normas Subsidiarias del Ayuntamiento de Outeiro de Rei para la delimitación del núcleo rural de Francos-Penelas-A Barciela y modificación de ordenanzas, disposición de carácter general y régimen de aplicación a edificaciones fuera de ordenación.

Dicho anteproyecto tiene por objeto una modificación de la ordenación del suelo urbanizable de núcleo rural de Robra, con la finalidad de corregir la inseguridad jurídica derivada de tan confusa calificación y adecuar, tanto su régimen jurídico como su ordenación, al marco legal vigente.

Asimismo, se contiene una modificación de la normativa urbanística cuyo ámbito de aplicación afecta a la totalidad del término municipal, y dentro de la que cabe destacar la modificación del régimen de parcelaciones en suelo de núcleo rural, retranqueos de edificaciones respecto de elementos protegidos y el régimen de declaración de fuera de ordenación.

Finalizada la fase de consultas, con fecha de 17 de enero de 2012, el Secretario Xeral de Calidade e Evaluación ambiental dictó resolución en la que se acuerda declarar la innecesaria de sometimiento a evaluación ambiental estratégica del proyecto de modificación puntual.

Posteriormente, en cumplimiento del artículo 85.1 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, se remitió a la Consellería de Medioambiente, Territorio e Infraestructuras, la propuesta de planeamiento, para la emisión del informe previo a la aprobación inicial. Dicho informe fue emitido con fecha de 31 de julio de 2012.

Ante la inminencia de la aprobación inicial de la modificación proyectada, y al amparo del artículo 77 de la Ley 9/2002, de 30 de diciembre, de ordenación urbanística y protección del medio rural de Galicia, se considera conveniente suspender el otorgamiento de licencias en el ámbito del suelo urbanizable del núcleo de la parroquia de Robra y, con ello, evitar actuaciones que dificulten en un futuro la efectiva implantación de la ordenación proyectada.

A la vista de lo anterior, PROPONGO al Pleno de la Corporación, la adopción del siguiente acuerdo:

Primero: Suspender el otorgamiento de licencias urbanísticas de nueva edificación, parcelación y legalización en el ámbito territorial comprendido dentro de la delimitación del actual suelo urbanizable existente en la parroquia de Robra.

En Outeiro de Rei, a 2 de septiembre de 2012”

Defende a proposta o Alcalde na tramitación da modificación puntual no ámbito de solo urbanizable da parroquia de Robra e na conveniencia de reforzar a seguridade xurídica no eido urbanístico.

O voceiro do PSdG-PSOE pregunta cánto tempo durará a tramitación e se existen outras zoas do Concello nas que sexa convinte unha delimitación de núcleo.

O voceiro do BNG pregunta se a modificación foi imposta pola Xunta ou se trae causa dun expediente de disciplina urbanística contra unha vivenda en Robra.

Por outra parte, pregunta que se a día de hoxe non se poden conceder licencias nesa zona entón qué é o que se suspende.

O Alcalde resposta que as Normas Subsidiarias do Concello permiten a concesión de licencias nesa zona, polo que hai unha certa contradicción coa lei. Co gallo de salvar esta contradicción e reforzar a seguridade xurídica é polo que se está a tramitar a modificación, que ten por obxecto a delimitación do núcleo con arranxo á nova lei.

En relación á pregunta do voceiro do PSdG, resposta que a revisión de tódolos núcleos esixiría unha revisión do planeamento, e sería discutible a súa conveniencia, xa que a delimitación con arreglo á nova lei é moito máis restrictiva, polo que a actual delimitación reduciríase moitísimo.

O voceiro do BNG considera que todos estes problemas solucionaríanse coa redacción dun novo Plan Xeral, tal e como ven pedindo neste Pleno o seu grupo municipal dende fai tres mandatos. Con iso evitaríase facer un urbanismo á carta, que é o que se está a facer agora, e se acabarían as inseguridades que ten este concello a nivel urbanístico.

O voceiro do PSdG-PSOE cree que se non se aproba un novo Plan Xeral (que cree que tería máis beneficios que inconvintes) se deberían delimitar moitos núcleos rurais que non están delimitados, non só en Robra, senón en moitos outros sitios, o que permitiría que os veciños destes núcleos poidan edificar no seu pobo e se consolide a poboación no rural.

O Alcalde considera que con un novo Plan Xeral se reduciría moitísimo a superficie edificable do Concello, reducíndose moito a superficie dos actuais núcleos, xa que a Lei é restrictiva.

Por outra banda, o actual planeamento permite que o Concello de Outeiro de Rei sexa uns dos concellos da provincia que máis está a crecer, o que significa que o Plan que temos funciona, con independencia de que existan algunhas pequenas disfuncións que se arranxan tan pronto se detectan, coma é o caso que agora nos ocupa ou como aqueles núcleos non delimitados que este equipo de goberno ten a intención de delimitar.

Asemade, resposta ao voceiro do PSdG-PSOE que todas as parroquias do Concello teñen algún núcleo delimitado. Pode existir algún núcleo pendente de delimitación, pero tense a intención de acometer a súa delimitación tan pronto se poida. E recorda que, namentres, a xente que vive do rural pode construír a súa vivenda coma vivenda vinculada a unha explotación.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

2. ELECCIÓN DE XUIZ DE PAZ SUSTITUTO

Ponse de manifesto a seguinte proposta de Alcaldía:

A Secretaría do Tribunal Superior de Xustiza acordou oficiar a este Concello para que iniciase novo expediente para a elección de Xuíz de Paz sustituto. Cumprimentando o acordado pola mesma e en cumprimento do preceptuado no artigo 101.4 da Lei Orgánica 6/1985, de 1 de xullo, do Poder Xudicial, con data de 6 de xuño de 2012, acordouse iniciar o expediente tendente á súa elección.

No B.O.P. núm. 136, de data de 14 de xuño de 2012, publicouse o anuncio da convocatoria para a elección do citado posto.

Rematado o prazo de presentación de solicitudes, constátase a presentación das seguintes:

- Pablo Illán Montouto, con DNI 33536127-B.
- Margarita Álvarez Fernández, con DNI 10063520P.
- José Antonio Fernández Lago, con DNI 33538658N.

Á vista de que unicamente Pablo Illán Montouto, con DNI 33536127-B ten experiencia no desempeño das funcións correspondentes, o Alcalde da Corporación propón nomear a don Pablo Illán Montouto, con DNI 33536127-B.

Sométese a votación a proposta de nomeamento de don Pablo Illán Montouto, con DNI 33536127-B como Xuíz de Paz sustituto do Concello de Outeiro de Rei.

A proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

3. RECTIFICACIÓN DO INVENTARIO MUNICIPAL DE BENS E DEREITOS

O sr. Alcalde expón sucintamente o contido das rectificacións propostas, que son as que seguen:

PORCIÓN VIAL Nº 136

SOBRADA

NOME: PORCIÓN VIAL EN CURUTIN-SOBRADA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SOBRADA

Núcleo/lugar: CURUTIN

Lindeiros: Franxa de terreo de 330 m², de anchura variable e paralela ao camiño público co que lindaba a finca matriz, de xeito que se interpón entre a finca matriz e o camiño público municipal ao longo de todo o linde, e que, a sua vez linda, polo norte e oeste, co camiño público municipal, e ao sur e leste coa finca matriz.

SUPERFICIE: 330 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de abril de 2.012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: *Finca 11.279, Folio 101, Tomo 1.158, Libro 102.*

PORCIÓN VIAL Nº 137

SILVARREI

NOME: PORCIÓN VIAL EN SILVARREI – SILVARREI

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SILVARREI

Núcleo/lugar: SILVARREI

Lindeiros: Norte, parcela 25 de José Vázquez; Sur, finca matriz Este, parcela 217 de Vanesa Vázquez Abad e ao Oeste, camiño.

SUPERFICIE: 127,75 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: Cesión urbanística, de data 20 de abril de 2.012.

SITUACIÓN REXISTRAL:

Rexistro da Propiedade: Finca 11280, tomo 1158, libro 102, folio 102.

PORCIÓN VIAL Nº 140

MOSTEIRO

NOME: PORCIÓN VIAL EN SANTA MARIÑA

NATUREZA DO INMOBLE:

Uso público. Acuerdo plenario de afectación de fecha de 9 de septiembre de 2011

Prescripción: dominio público viario

SITUACIÓN:

Parroquia: SANTA MARIÑA

Núcleo/lugar: Sinoga

Lindeiros: “linda al norte con Maria Cayetana Lado Castro; al Sur con camino; al Este con José Casanova Seijas; y al Oeste con Juan Rodríguez Trigo”.

SUPERFICIE: 661 m²

CARGAS: LIBRE DE CARGAS

TÍTULO DE ADQUISICIÓN: escritura de segregación de finca e cesión ao concello de data 3 de novembro de 2011, expedida polo Notario don José Manuel López Cedrón.

Non xurdindo debate sométese a votación a proposta de rectificación do inventario municipal de bens e dereitos.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

4. APROBACIÓN DEFINITIVA DA ORDENANZA REGULADORA DAS CONDICIÓNNS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SOLO

O sr. Alcalde inicia o debate expoñendo a seguinte proposta de aprobación definitiva da:

“ORDENANZA MUNICIPAL REGULADORA DAS CONDICIÓNNS DE SEGURIDADE E SALUBRIDADE DOS USOS FORESTAIS DO SUELO

1.- Obxecto

A presente ordenanza ten por obxecto regular as distancias das plantacións arbóreas ou arbustivas, ou do seu crecemento espontáneo, respecto das edificacións, co gallo de garantir á seguridade e salubridade dos predios así coma o mantemento das boas relacións de veciñanza.

2.- Ámbito obxectivo

A presente ordenanza será de aplicación dentro do solo clasificado como solo urbano, urbanizable delimitado ou solo de núcleo rural.

As distancias respecto de viais e condución de auga e as distancias previstas para o sustrato arbustivo con respecto a praderías ou fincas de labor serán de aplicación a todas as categorías de solo.

3.- Distancias das plantacións forestais

As distancias das plantacións forestais respecto de edificacións ou instalacións, solo delimitado coma de núcleo rural, solo urbano ou solo urbanizable delimitado serán as previstas na lexislación forestal autonómica.

A tal fin, considerarase como solo de núcleo rural o delimitado coma tal no planeamento municipal vixente, así coma a súa área de tolerancia exterior. Consecuentemente, as distancias previstas na lexislación forestal autonómica se computarán dende a alínea imaxinaria delimitadora da área de tolerancia exterior.

O cálculo das distancias das plantacións forestais e pés illados realizarase dende o punto máis próximo da plantación respecto do plano sobor o que se proxecta a superficie ocupada pola edificación.

Non se terán en conta as edificacións adicadas á garda de apeiros agrícolas ou forestais, así coma as restantes edificacións e instalacións menores.

En todo caso, as pes das árbores deberán gardar unha distancia mínima de 5 ml, respecto do dominio público viario ou de conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de augas.

4.- Distancias das plantacións arbustivas

A vivendas:

Arbustos de ata 2 m. de altura.....
1 m.l.
Ídem. de máis de 2 m. de altura.....
10 m.l.

A edificios non vivenda (arbustos de máis de 2 m. de altura).....
10 m.l.

A praderías e fincas de labor:

Arbustos de ata 2 m. de alto sen
limitación.
Ídem. de máis de 2 m. de altura..... 3
m.l.

A camiños públicos:..... 5 m.l. dende o eixo e 2 m.l. dende o
borde.

A conduccións municipais de abastecemento ou evacuación de auga
5 m.l.

A outras plantacións:

Arbustos de ata 2 m. de alto..... ..sen
límite
Ídem. de máis de 2 m. de alto.....a mesma das
plantacións existentes, con un máximo de 3 m.l.

5.- Condicións de seguridade e salubridade dos estratos herbáceos e arbustivos.

Serán de aplicación as condicións fixadas na normativa autonómica para as franxas de xestión da biomasa.

Disposición derogatoria

Queda derogada a ordenanza de carácter non fiscal, Reguladora das distancias entre plantacións forestais e fincas de labor, praderías, camiños públicos, conducións de auga, edificacións e outras herdades.

Disposición derradeira

A presente ordenanza entrará en vigor aos quince días da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia”.

O Alcalde expón as principais diferencias entre a redacción cuxa aprobación definitiva se propón e a que se aprobou provisionalmente, e explica que as diferencias traen causa da aprobación da Lei de Montes de Galicia.

O voceiro do PSdG-PSOE indica que a Lei de Montes de Galicia da o mesmo tratamento as edificacións que houberan solicitado a declaración de fora de ordenación e as que non.

O Alcalde afirma que se solicitará un informe á consellería ao respecto, xa que o réxime que deriva desta lei contradice ao mandato da Lei urbanística, o que esixe unha aclaración da Xunta de Galicia.

Rematado o debate, sométese a votación a proposta de resolución transcrita.

Realizada a votación, a proposta resulta aprobada con sete votos a favor e dúas abstencións, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e do PSdG-PSOE.

5. MOCIÓNS PRESENTADAS POLO PSdG-PSOE con nº de rexistro 2640 e 2641 de data de 26 de xuño de 2012

Iníciase o debate coa defensa polo voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, da moción presentada con número de rexistro 2640 e data de 26 de xuño de 2012, do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista do Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda di:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento e réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Lei de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte:

MOCIÓN:

A fiscalizade debe ser o maior instrumento de redistribución económica e social dos poderes públicos e a maneira máis directa para que estes poidan exercer a solidariedade, contribuíndo á cohesión social e á prestación de servizos públicos a seus veciños. A regra básica dun sistema fiscal xusto é que tódolos cidadáns e institucións

deben contribuir o sostemento dos gastos públicos de acordo coa súa capacidade económica.

Necesitamos un sistema fiscal máis progresivo, redistributivo e que xere recursos suficientes para prestar e soste os servizos públicos fundamentais que demandan os cidadáns.

Especialmente na actual situación de crise económica que está afectando ao noso país e que cada vez sofren maior número de cidadáns, as institucións públicas deben de contar con maiores recursos para poder atender aos que peor o están pasando, os concellos como administración mais próxima aos cidadáns e que mellor coñece a realidade dos seus veciños son os que están en mellores condicións de facer este traballo indispensable para o mantemento da cohesión social.

No actual escenario de crise económica, nos que a baixada de ingresos, o control do déficit e as débedas contraídas polos concellos fan indispensable a revisión urxente da fiscalizade municipal e para que a elevación da presión fiscal non redunde de forma desigual nuns veciños e entidades sobre outros, faise imprescindible restrinxir ao máximo a aplicación de exencións e bonificacións.

O recente RDL 20, de 30 de decembro de 2011, de "medidas urxentes en materia orzamentaria, tributaria e financeira para a corrección do déficit público", é froito da política contradictoria de subida de impostos que está promovendo Goberno do PP. En dito Decreto ínstase ás Corporacións Locais a unha subida do IBI entre o 4% e o 10%, obrigando así a incrementar a presión fiscal sobre os cidadáns e institucións.

A Igrexa Católica está exenta de tributar polo IBI (Imposto de Bens Inmóbles) a raíz dos Acordos vixentes do Reino de España coa Santa Sede (1979) coñecidos como Concordato -. As confesións xudía, protestante e musulmán tamén o están a través dos respectivos Acordos de Cooperación (1992).

Estes beneficios fiscais están á súa vez recollidos na vixente Lei de Facenda: Locais (Lei 7/1985, art. 258 e Real Decreto Lexislativo 2/2004. art. 62.1c). Así gozan de exencións totais ou permanentes: templos e lugares de culto dependencias ou edificios anexos destinados á actividade pastoral ou asistencia relixiosa, locais destinados a oficinas, casas e conventos de ordenes e congregacións relixiosas.

Esta exención legal, que debe ser revisada, só está referida as finalidades vinculadas ó culto, sen embargo nas décadas precedentes realizouse unha aplicación extensiva de esta exención, de forma que alcanzou a bens inmóbles non estipulados pola lei vixente: pisos, prazas de garaxe, lonxas, ... non vinculados ó culto. Este beneficio fiscal estendeuse incluso á exención do pago das taxas municipais establecidas polos concellos.

Ante esta realidade, o Grupo Municipal Socialista do Concello de OUTEIRO DE REI considera que non é admisible que fronte o esforzo solidario esixido tódolos cidadáns, existan confesións relixiosas que sigan gozando de beneficio. especiais, por todo elo, presentamos para a súa aprobación polo Pleno Municipal, os seguintes ACORDOS:

O Pleno do Concello insta ao Goberno Galego a:

1. Realizar un censo municipal dos inmóbles rústicos e urbáns que están rexistrados a nome da Igrexa Católica e de outras confesións relixiosas cc obxecto de proceder á actualización posterior do Padrón de Bens Inmóbles parç poder así xirar o IBI a todos aqueles bens inmóbles cuxo destino non está vinculado ó culto.

2. Instar ó Goberno de España a presentar unha Lei de Liberdade de Conciencia E Relixiosa que determinará modificacións, entre outras, da Lei de Facendas Locais, da Lei de Mecenazgo e Fundación e unha revisión dos Acordos de Reino de España ca Santa Sede, vixentes dende 1979.

3. Dar traslado ó Congreso dos Deputados e o Goberno de España estes acordos

En Outeiro de Rei a 5 de xuño de 2012”

Incorpórase ao debate a concelleira dona Begoña Seco Varela.

Rematada a defensa do voceiro do PSdG-PSOE, toma a palabra o voceiro do BNG, quen afirma que un país onde se recorta a educación é un país sen futuro, e isto é o que está a facer o Goberno do Estado, potenciando o ensino privado e abandonando e desprestixiando o ensino público. O BNG defende que todo o mundo teña o mesmo dereito de acceso á educación, e rexeita esta política de discriminar á xente con menor renda ao acceso a unha educación de calidade.

O voceiro do grupo municipal do PP anuncia o rexeitamento da moción, e recorda que o resultado da xestión educativa do Goberno do PSOE é que a educación española atópase nos últimos postos nas avaliacións entre os países desenvolvidos.

Por outra banda, recorda que o Goberno do PSOE co apoio do BNG deixou ao país nunha situación económica insostible, cun déficit público e unha débeda pública disparada, polo que agora toca racionalizar o gasto, o que non significa perda de calidade no ensino.

E sorpréndelle as críticas aos concertos educativos ou a ensinanza privada, xa que aos gobernos de esquerdas éncheselle a boca co tema da educación pública e despois levan aos seus cativos a colexios privados.

E termina afirmando que esta moción é pura demagogia.

O voceiro do PSdG-PSOE considera que incrementar o número de alumnos por aula ou diminuír o número de profesores ous as becas é unha perda de calidade de ensinanza.

Recorda que, por vez primeira, os cinco sindicatos maioritarios están de acordo en que se está a diminuír a calidade do ensino.

Asegura que o PSOE non está en contra do ensino privado, pero o que non se pode facer é desviar recursos do ensino público ao ensino privado, en perxuízo da calidade do ensino público.

O voceiro do BNG afirma que o BNG unicamente gobernou co PSOE na Xunta, non no Estado, e a lexislatura da Xunta está a rematar. E que segan a votar as culpas ao goberno autonómico anterior cando levan máis de tres anos gobernando é unha irresponsabilidade e non quererse facer cargo de nada.

Defende o ensino público en tanto é o único que garante que os nenos de familias desfavorecidas teñan igualdade de oportunidades, xa que o ensino privado limita a educación a quenes poden pagala.

O voceiro do PP asegura que o Partido Popular tamén está en desacordo coas reformas; coa reforma educativa ou coa suba de impostos, que non estaba no seu programa electoral, pero a día de hoxe non queda outro remedio, tal é a situación

económica catastrófica na que o goberno socialista deixou a este país a base de gastar o que non tiñan.

E Galicia, gracias ao Goberno do Partido Popular é a Comunidade Autónoma máis saneada a día de hoxe, a primeira que cumpre o déficit e a primeira que paga. Claro que non se puido acabar co paro, pero é que Galicia é unha Comunidade Autónoma e as competencias en política económica son estatais e agora está a sufrir as consecuencias desastrosas do goberno de Zapatero.

Non entende cómo o BNG ten o descaro de facer demagogia coa que está caendo e máis cando o BNG apoiou ao PSOE de Zapatero. E recórdalle que tivo que ser o Partido Popular quen limitara os salarios desproporcionados dos executivos das entidades financeiras intervidas polo Estado, xa que o PSOE máis o BNG miraron para outro lado cando gobernaron.

O PP non está en contra da ensinanza pública nin da privada, e unicamente están pola labor de prestar un servizo de calidade cos recursos dispoñibles.

Recorda que ao PP non lle gustan estas medidas, pero a responsabilidade lle obriga a asumilas, e por iso rexeitarán a moción.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos voceiros do PSdG-PSOE e máis do BNG, e oito votos en contra.

A continuación, o voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, inicia a defensa da moción presentada con número de rexistro 2640 e data de 26 de xuño de 2012, do seguinte teor literal:

“O Concelleiro na súa condición de Voceiro do Grupo Municipal Socialista no Concello de Outeiro de Rei, compadece e como mellor en Dereito proceda di:

O abeiro do disposto nos artigos 97 da Lei 511997, do 22 de xullo, Lei de Administración Local De Galicia, 91,4 e 97 do Real Decreto 256811986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, funcionamento réxime xurídico das Entidades Locais, e 46.2 da Lei 11/1999, do 20 de abril, Le de modificación da Lei Reguladora de Bases do Réxime Local e outras medidas presenta a consideración do Pleno da Corporación Municipal a seguinte :

MOCIÓN:

O Goberno de España anunciou, unha vez aprobados os orzamentos do ano 2012, un recorte adicional de 10.000 millóns de euros, centrado en sanidade o educación, ao tempo que a prima de risco se disparaba. Corresponde ao gasto educativo, responsabilidade das comunidades autónomas, un 30% desa cifre total, é dicir, 3.000 millóns de euros que logo debe ser desagregada po territorios. A Galicia tocaralle unha parte, aínda sen determinar con exactitude por parte do Goberno de Núñez Feijóo.

As medidas previstas polo Real Decreto-Lei 14/2012, son nocivas para o sistema educativo, pero desde o PSdG-PSOE dicimos algo máis: que esta política non é única posible.

De acordo co Plan de Estabilidade 2012-2015 que remitiu o goberno Rajoy a Bruxelas, o gasto público do conxunto das administracións reducirase nun 19% ate o 2015, para situarse nun 37% do PIB. A converxencia coa Europa adianta esixe facer

xusto o contrario do que se propón: reforzar a base impositiva de Estado, con tributos de ampla base e progresivos, para soste un servizo: públicos universais e eficaces que reforcen a nosa competitividade.

O RD Lei citado establece:

* A posibilidade para as CCAA de elevar un 20% o número de alumnos por aula (o que elevará o número en primaria de 25 a 30; en secundaria de 30 a 36, e el Bacharelato e educacións especiais de 35 a 42 alumnos por aula), mentres a taxó de reposición de efectivos sexa inferior ao 50%, e todo iso sen ter en conta ao alumnado repetidor o que fai que na práctica as aulas de Primaria superen os 31 alumnos, as de Secundaria os 36 e as de Bacharelato os 42, masificando di forma moi grave as aulas nos centros educativos.

* A elevación das horas lectivas para os profesores por riba das obrigas actuais fixándose un mínimo de 25 horas en primaria e de 20 en secundaria.

* A cobertura das baixas dos docentes sen recorrer a persoal adicional polos propios centros se son de menos de dez días laborais, ou sexa, dúas semanas enteiras, o que na práctica se traduce en que terán que ser os outros profesores dos centros os que se fagan cargo dos alumnos e, normalmente, en que non terán esas horas de clase. Esa era unha medida que xa impulsara a Xunta de Galicia.

* A eliminación transitoria de complementos retributivos ou retribucións variables.

* A redución da obriga legal de ofertar polo menos dúas modalidades de bacharelatos nos centros, o que terá consecuencias negativas en todas as áreas, pero mais acentuadamente no rural. O que suporía unha reorganización moi marcada de moitos centros, facendo desaparecer algúns departamentos, recolocando a moito profesorado e, seguramente, facer innecesario a algún e afectando ás decisións das familias que verán como se aloxan as opcións de bacharelato. E inclusive, supoñendo unha redución do nivel pedagóxico dos centros.

* O aprazamento da actualización de módulos de ciclos formativos da FP ao curso 2014-2015 desde o 2012-2013. Aquí, de acordo con noticias de prensa, o Conselleiro xa anunciou que suspende a implantación de novos ciclos.

* O incremento das taxas universitarias, superando nalgúns casos o 50% de incremento que conxuntamente co recorte das bolsas ao estudio e primando outros criterios para a súa concesión que non son os económicos, van facer que á universidade so vaian a estudar os ricos, cortándolle esa posibilidade ao resto da poboación.

Criterio unánime de expertos, asociacións de país e sindicatos é que estas medidas afectarán negativamente á calidade do ensino, contribuirán de forma decisiva ao despoboamento do rural ao eliminar os centros educativos actualmente existentes.

Así mesmo, favorecerán de forma clara e contundente ao ensino privado fronte á escota pública, ao tempo que se crea unha educación para ricos e outra para pobres, voltando así a situacións vividas na época predemocrática e que pensabamos que xamais voltarían.

Estas medidas provocarán unha redución notable do número de profesores, afectando en primeira instancia aos interinos e substitutos pero tamén posibilitando a non cobertura das baixas por xubilación que, no seu efecto acumulado en un horizonte medio, pode chegar a situarse no 20-30% do total (de feito, o gasto educativo no 2015 será un 21% inferior)

A masificación das aulas e o incremento das esixencias ao profesorado terán consecuencias sobre o nivel dos alumnos. A non cobertura de baixas, sumándose á asunción do custe das mesmas na maioría dos casos polos propios profesores, provoca un aforro adicional e un deterioro agudizado da docencia. Os alumnos deberán adicionalmente enfrontarse a unha oferta educativa adelgazada.

E os problemas de fondo do sistema educativo non se enfrontan, con estas medidas: nin a porcentaxe demasiado elevada de fracaso escolar nin as deficiencias da FP, por exemplo. Polo contrario, cabe agardar unha intensificación dos problemas.

Por iso, o Grupo do PSdeG-PSOE no concello de OUTEIRO DE REI diante do Pleno da Corporación Municipal presenta esta MOCIÓN, para que sexa aprobado, o seguinte,

ACORDO:

O Pleno do Concello, remitirá un escrito aos Presidentes do Gobernos de España e de Galicia para que se derroque o Real Decreto-Lei 1412012 de 20 de abril, de medidas urxentes de racionalización del gasto público no ámbito educativo.

En Outeiro de Rei a 25 de xuño de 2012”

Trala defensa da moción polo voceiro do PSdG-PSOE, toma a palabra o voceiro do BNG, quen considera que o PSOE tivo tempo nestes anos de goberno para adoptar as medidas oportunas. Polo demáis, parécelle de xustiza que, se na actual situación de crise as familias están a pagar que pague tamén a igrexa.

O voceiro do PP afirma que esta moción tense que dirixir contra a Deputación Provincial de Lugo, xa que é quen ten competencia en materia de recadación do IBI, xa que lla delegou o Concello e, polo tanto, correspóndelle a Deputación vixiar porque as exencións do imposto se apliquen correctamente.

O PP está de acordo con aplicar correctamente as exencións, e que a Igrexa pague por aqueles bens que non están exentos por non seren lugares de culto, pero recorda que a aplicación corresponde á Deputación Provincial de Lugo. Polo tanto, se se modifica a moción no sentido de instar ao Catastro e á Deputación Provincial de Lugo a facer cumprir a lei vixente, o grupo municipal do PP está disposto a apoiala.

O que non é serio é solicitar ao PP que faga algo que o PSOE poido facelo ata fai uns poucos meses e non o quixo facer.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos voceiros do PSdG-PSOE e máis do BNG, e oito votos en contra.

6. MOCIÓN PRESENTADAS POLO BNG con nº de rexistro de entrada 2672 e 2673, de data de 28 de xuño de 2012

Iníciase do debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción presentada con número de rexistro 2672 e data de 28 de xuño de 2012, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN CONTRA OS RECORTES DA XUNTA DE GALIZA NO FOMENTO DO EMPREGO E NOS PROGRAMAS DE COOPERACIÓN, PROMOCIÓN E FORMACIÓN DAS PERSOAS

Exposición de Motivos

O Goberno do PP na Xunta de Galiza continúa na tiña de recortarile aos concellos todo tipo de medidas destinadas ao fomento do emprego ou a programas de promoción, cooperación e formación das persoas.

Así, o pasado venres, 15 de xuño, fixo pública no DOG a drástica redución de axudas e subvencións aos concellos para o fomento do emprego a través de programas de cooperación que permitían a contratación de persoal para reforzar os servizos municipais. Pero tamén a redución de programas de accións formativas destinadas prioritariamente a persoas trabaliadoras desempregadas e de promoción da integración laboral de persoas con discapacidade.

Estas reducións acadan máis de 61 millóns de euros que representan preto do 50% dos importes recollidos nos Orzamentos da Xunta de Galiza para este ano 2012. E desta cantidade cabe destacar a redución de 33 millóns de euros (case o 75%) das axudas aos concellos destinadas a contratación de persoas no paro para distintos servizos municipais (servizo de axuda no fogar, brigadas municipais, etc.), deixando pouco máis de 12 millóns de euros e confirmando así a escalada de recortes do goberno do PP na Xunta de Galiza desde fai tres anos, provocando cada día máis persoas desempregadas, convertendo en falacias as promesas electorais Feijó de acabar co paro en 45 días.

Galiza sofre a política do PP, condenada a non poder recuperar a senda da creación do emprego e inverter a actual tendencia da súa destrución; condenada a non poder xerar desde os concellos as condicións para o desenvolvemento das oportunidades laborais e a prestación de servizos a veciños e veciñas. Chegando a acadar as máis altas cotas de desemprego, situando a Galiza nunha taxa de máis do 20 %, onde máis emprego se destrúe no Estado e castigando a aráis de 275.000 galegos e galegas a continuar nunha situación de anguria e desesperanza.

A Xunta de Galiza gobernada polo PP pregouse definitivamente ás políticas de recortes do Goberno do Estado e aos ditados dos mercados financeiros: pagar primeiro os intereses da débeda a costa dos recortes nas políticas sociais e no emprego, impedindo axudas a persoas paradas para atopar traballo.

E unha vez máis o PP castiga a aquelas persoas que máis sofren a crise, precarizando as condicións de traballo mediante a reforma laboral, reducindo dereitos e aumentando o desamparo das persoas desempregadas e aquelas menos preparadas para atopar un emprego.

E por isto que o grupo municipal do BNG presenta esta moción e solicita o voto favorábel do Pleno da Corporación municipal para a adopción do seguinte

ACORDO

1. Rexeitar a drástica redución das axudas aas políticas activas de emprego que permiten aos concellos a contratación de persoas desempregadas.

2. Instar á Xunta de Galiza a:

a. Garantir o financiamento necesario para o mantemento das políticas activas de emprego e o emprego social, escotas taller, obradoiros de emprego, tal como se viña facendo no noso concello.

b. Manter as partidas dedicadas a formación e emprego na súa contía inicial.

c. A que demande do Goberno do Estado o mantemento dos recursos económicos necesarios para garantir o nivel de prestacións das políticas activas de emprego que se viñan realizando en Galiza.

Outeiro de Rei, 25 de xuño do 2012”.

Fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen manifesta o apoio do seu grupo á moción transcrita, se ben propondría a introducción dun punto no que se inste á Xunta de Galicia para que se dirixa a Novagalicia Banco para que se allane na demanda xudicial interposta polo Ministerio Fiscal por mor das preferentes, dado que os clientes aos que se lles colocaron as preferentes non tiñan a condición de inversores financeiros nin se lles advertíu dos riscos da inversión, o que permitiría ter una sentenza xudicial firme e a devolución dos cartos aos clientes.

E agora do que se trata é de solucionar o problema, non de dicir se as preferentes se deron con este ou aquel goberno.

O voceiro do PP asegura que non está en contra da banca pública, pero recorda que a banca pública é a que nos levou a esta situación. Xa que os bancos que agora teñen problemas veñen da fusión das antigas caixa de aforros.

E nesas caixas de aforros estaban representados tódolos partidos políticos e máis os sindicatos, polo que se rexiron por criterios non económicos que levou ao desastre.

Puntualiza a Xunta peleou dende o primeiro momento pola pervivencia de Novagalicia Banco, a pesares de que o Goberno do PSOE máis o Banco de España torpedearon dende o primeiro momento a súa viabilidade.

Asegura que é unha tomadura de pelo asegurar que o Goberno non ten lexitimidade para gobernar, cando é incontestable que ten a maioría absoluta para gobernar.

Dende a Xunta de Galicia e dende o Goberno do Estado estase a loitar pola defensa dos intereses dos depositarios, así coma de aqueles quen invertiron os seus aforros nas chamadas preferentes e foron enganados.

Por iso limitáronse os soldos das entidades financeiras e por iso se están a facer normas que fagan moi difícil que se repitan estes enganados. Agora ben, tanto a Xunta coma o Estado teñen que respectar o marco legal e comunitario vixente. Se ben a día de hoxe xa son moitos quen recuperaron os cartos.

O voceiro do BNG dí que no tema das preferentes os culpables teñen nomes e apelidos e todo o mundo sabe quen son, tanto a nivel autonómico coma estatal, e ningún fai nada.

Polo que atinxe á lexitimación, o Goberno que sae das eleccións non está lexitimado para todo, e no tema do rescate a cidadanía ten moito que dicir. Os cartos do BCE para o saneamento das entidades financeiras se poñen polos cidadáns. Estes cartos se deixa polo BCE ás entidades financeiras privadas ao 1 ou 2%, quen os deixan, a súa vez, ao Estado español ao 6%. Isto non é tolerable, xa que están a obter un enorme

lucro deixándonos a nos os nosos propios cartos, quenemos que pagar os intereses cos nosos impostos e con recortes dos servizos públicos. Isto é o que se está a facer neste país.

O voceiro do PSdG-PSOE insiste nos argumentos anteriores e desminte que dende o anterior goberno ou Banco de España se torpedease a Novagalicia Banco, xa que o único que se fixo foi establecer uns niveles de solvencia homoxéneos para as entidades financeiras.

O voceiro do PP asegura que o Presidente da Xunta fixo todo o posible para manter a Novagalicia Banco, e polo que respecta á actuación do anterior goberno basta dicir que o Presidente Zapatero aseguraba que España tiña o sistema financeiro máis solvente do mundo, mentres o Banco de España, co Gobernador posto polo PSOE, permitía a comercialización dun produto tan dubidoso coma as participacións preferentes.

Os intereses que están a pagar os españois son o froito de gastar máis do que se ingresa, polo que houbo que prestar os servizos a préstamo. Se non se tomasen cartos a préstamo non habería que pagar intereses, nin caros nin baratos. Pero agora hai que pagar as consecuencias da situación á que nos levou un goberno irresponsable.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos voceiros do PSdG-PSOE e máis do BNG, e oito votos en contra.

Continúa o debate do punto da orde do día coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do BNG, da moción presentada con número de rexistro 2673 e data de 28 de xuño de 2012, do seguinte teor literal:

“ARCADIO LOMBAO ROMAN, como concelleiro do grupo municipal do BNG no Concello de Outeiro de Rei, ao abeiro da lexislación vixente, presenta a seguinte

MOCIÓN SOBRE SISTEMA FINANCEIRO GALEGO (BANCA PÚBLICA GALEGA, REFERENDO SOBRE O RESCATE, SOLUCIÓN DAS PREFERENTES, ATENCIÓN AO PÚBLICO E MANTEMENTO DO EMPREGO EN NOVAGALICIA BANCO E COMISIÓNS DE INVESTIGACIÓN)

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros val ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do

deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.

O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social mol profundo sobre o rescate e as súas ten-

íbeis consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión transcendental para o poso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non sé val castigar as súas maiorías sociais, serán porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avala un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se convirta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, conséntase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí ande existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepciónais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postas de trabado de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.

A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se ¡les indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartas investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos

financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.

Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron icipacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas)as establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Por iso, o grupo municipal do BNG solicita do Pleno da Corporación municipal a adopción do seguinte

ACORDO

1. Instar á Xunta de Galiza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.

2. Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.

3. Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que ¡les permita recuperar o 100° do nominal dos títulos subscritos.

4. Demandar da Xunta de Galiza que garante os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.

5. Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.

6. Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.

Outeiro de Rei, 20 de xuño de 2012”

Rematada a defensa da moción polo voceiro do BNG, fai uso da palabra o voceiro do PSdG-PSOE, quen afirma que a redución dos programas de cooperación de preto do 75% é drástica, e da orixe a que os Concellos non poidan contratar a persoal para a prestación dos servizos da súa competencia, polo que están a favor da moción presentada.

O voceiro do PP recorda que o bipartito na Xunta de Galicia, aínda no seu despilfarro de cartos públicos, ao Concello de Outeiro de Rei asignou menos traballadores que o actual goberno d Partido Popular.

O voceiro do BNG, afirma que o Concello de Outeiro de Rei nunca tivo máis cartos da Xunta que co bipartito, e é comprobable.

O voceiro do PP nega tallantemente esa afirmación.

O voceiro do BNG recorda que o sr. Feijó decía que ía facer un contrato con Galicia de 18 puntos, un dos cales era o emprego. Uns poucos anos máis tarde podemos ver a gran cantidade de emprego que se destruíu en Galicia.

Outro exemplo do actuar da actual Xunta o temos no Plan Eólico, que anulou a Xunta por considerar que era ilegal. Agora o Tribunal Superior de Xustiza o desminte e di que era perfectamente legal e que hai que indemnizar aos adxudicatarios. ¿Cómo se vai a explicar aos cidadáns os centos de millóns que terá que pagar a Xunta en indemnizacións mentres se fala de austeridade?

O voceiro do PSdG-PSOE replica ao voceiro do PP que ten que informarse cómo calcula o déficit a Xunta de Galicia para que lle saian os números. Porque é moi fácil acadar os obxectivos executando os orzamentos de ingresos ata fin de ano e pechando a contabilidade de gastos en xuño.

O voceiro do PP afirma que se Galicia non calcula ben o déficit e é quen de financiarse sen pedir o rescate, outras comunidades que foron gobernadas polo PSOE coma Andalucía ou Cataluña si que o calcularon bastante mal, quenes tiveron que solicitar o rescate para pagar as facturas que tiñan no caixón.

O Plan eólico non debía ser tan bon cando o seu socio de goberno por aquel entón se levantou da mesa na adxudicación, o que é bastante sospeitoso.

E polo que atinxe aos ciclos económicos, debe ser unha casualidade que España afúndese na crise cada vez que goberna a esquerda e se levanta e progresa cando goberna o Partido Popular.

Rematado o debate, sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos voceiros do PSdG-PSOE e máis do BNG, e oito votos en contra.

7. MOCIÓN PRESENTADA POLO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR.

Iníciase o debate coa defensa, polo voceiro do grupo municipal do PP, da moción de data de 3 de setembro de 2012, do seguinte teor literal:

“O Grupo Municipal do Partido Popular do Concello de Outeiro de Rei, a petición das organizacións profesionais agrarias, UNIÓN AGRARIAS, XÓVENES AGRICULTORES e SINDICATO LABREGO GALEGO, de acordo co establecido nos artigos 91.4 e 97 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta ao Pleno da Corporación para o seu debate e aprobación a MOCIÓN que a continuación se recolle:

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O rural de Galicia está a afrontar un tempo de incertezas económicas agravado en boa medida polo diferencial de prezos do leite con España e Europa. Os gandeiros galegos son os que reciben un prezo máis baixo polo seu leite de toda España. En maio de 2012 os gandeiros galegos recibiron 29,2€/100 litros, que está un 5,5% por baixo do prezo medio estatal e un 15,61% por baixo do que perciben os produtores valencianos.

As diferenzas de prezo entre Comunidades Autónomas danse incluso entre gandeiros que entregan á mesma empresa.

EVOLUCIÓN DE PRECIOS €/litro (medias ponderadas)														
Comunidad Autónoma	PERIODO 2011/2012												2012/2013	ponderadas) Mayo
	Abr.	May.	Jun.	Jul.	Ago.	Sep.	Oct.	Nov.	Dic.	Ene.	Feb.	Mar.	Abr.	
Andalucía	0,350	0,349	0,343	0,340	0,341	0,352	0,358	0,363	0,364	0,364	0,363	0,354	0,352	0,345
Aragón	0,325	0,323	0,324	0,324	0,327	0,335	0,347	0,347	0,347	0,347	0,344	0,337	0,321	0,312
Asturias	0,327	0,328	0,338	0,337	0,334	0,337	0,342	0,346	0,346	0,346	0,348	0,346	0,345	0,329
Baleares	0,295	0,294	0,295	0,293	0,298	0,300	0,304	0,306	0,303	0,300	0,304	0,298	0,297	0,303
Cantabria	0,303	0,302	0,313	0,301	0,302	0,308	0,319	0,321	0,334	0,317	0,315	0,310	0,300	0,294
Castilla-La Mancha	0,331	0,328	0,329	0,327	0,331	0,341	0,354	0,357	0,360	0,355	0,352	0,346	0,337	0,331
Castilla y León	0,316	0,315	0,312	0,316	0,321	0,331	0,337	0,339	0,341	0,336	0,331	0,323	0,319	0,314
Cataluña	0,323	0,318	0,333	0,322	0,325	0,348	0,341	0,342	0,362	0,343	0,343	0,340	0,325	0,318
Extremadura	0,343	0,338	0,335	0,335	0,336	0,343	0,352	0,357	0,358	0,353	0,354	0,346	0,345	0,338
Galicia	0,303	0,303	0,303	0,305	0,306	0,313	0,320	0,323	0,323	0,318	0,315	0,309	0,299	0,292
Madrid	0,319	0,319	0,317	0,316	0,322	0,331	0,342	0,343	0,346	0,341	0,339	0,332	0,326	0,318
Murcia	0,327	0,327	0,328	0,327	0,326	0,332	0,335	0,335	0,335	0,333	0,330	0,325	0,317	0,316
Navarra	0,319	0,316	0,318	0,324	0,324	0,332	0,341	0,340	0,340	0,333	0,332	0,324	0,317	0,310
País Vasco	0,321	0,318	0,320	0,319	0,318	0,326	0,334	0,338	0,338	0,338	0,336	0,329	0,329	0,324
La Rioja	0,330	0,325	0,322	0,327	0,335	0,340	0,357	0,352	0,364	0,353	0,351	0,327	0,321	0,293
C.Valenciana	0,348	0,347	0,348	0,345	0,347	0,354	0,360	0,360	0,360	0,360	0,360	0,354	0,350	0,346

Fonte: FEGA

Respecto do prezo percibido polos gandeiros galegos é un 5,48% inferior ao de Portugal, un 1,10% inferior ao de Francia, un 5,65% inferior ao de Alemaña e un 12,16% inferior ao de Holanda.

PRICES of Cow's raw milk in EURO/100 kg

05-jul-12

Source : Regulation (EC) No 479/2010 Article 2

	dk	de	es	fr	ie	it	lu	nl	at	pt	uk	Arithmetic averages				Weighted EU Average	% compared to previous month (*)
	Denmark	Germany	Spain	France	Ireland	Italy	Luxembourg	Netherlands	Austria	Portugal	U.K.	EU-15	EU-10	EU-2	EU-27		
2011m01	35,00	33,12	30,97	33,20	31,76	37,46	31,82	35,65	34,99	30,96	29,54	34,52	32,34	29,85	33,84	33,2	- 0,3%
2011m02	34,50	33,20	30,97	33,06	32,92	37,48	31,63	35,65	34,62	31,14	29,91	34,68	32,94	29,98	34,08	33,3	+ 0,4%
2011m03	34,50	34,06	30,87	32,08	32,44	37,61	31,70	36,00	34,37	31,02	29,80	34,45	33,27	30,62	34,24	33,3	- 0,1%
2011m04	34,50	34,20	30,58	30,41	32,15	38,38	32,04	36,00	34,15	30,65	29,06	34,31	33,69	30,88	34,32	33,0	- 0,8%
2011m05	35,50	34,44	30,49	30,53	32,05	38,37	31,87	38,00	34,63	30,58	29,17	34,54	33,41	30,33	34,34	33,2	+ 0,8%
2011m06	35,50	34,39	30,78	33,72	33,31	38,37	31,88	38,00	34,56	30,58	29,18	34,95	32,87	29,43	34,34	33,8	+ 1,6%
2011m07	36,00	34,53	30,68	35,44	33,70	38,80	31,86	38,00	34,59	30,51	29,82	35,13	32,76	29,36	34,42	34,2	+ 1,3%
2011m08	36,50	34,74	30,87	35,64	34,57	38,80	32,72	37,25	34,60	30,69	30,55	35,71	32,62	29,63	34,72	34,4	+ 0,5%
2011m09	36,00	35,48	31,65	36,41	37,00	39,00	33,89	36,25	35,48	31,99	31,21	36,36	32,67	30,02	35,12	34,8	+ 1,2%
2011m10	36,50	36,43	32,23	33,65	38,28	39,04	34,50	37,00	36,74	32,22	32,39	36,83	33,25	31,66	35,68	34,9	+ 0,4%
2011m11	37,00	36,90	32,52	33,13	37,97	39,07	35,08	37,25	38,03	32,42	33,25	37,02	33,51	31,55	35,86	35,1	+ 0,6%
2011m12	36,50	35,71	32,82	32,33	35,84	39,05	34,53	37,50	38,12	32,17	33,74	36,78	33,52	31,97	35,70	34,7	- 1,2%
2012m01	36,00	33,75	32,33	34,19	34,48	39,05	33,42	36,50	37,17	32,08	33,80	36,27	33,49	31,57	35,37	34,4	- 1,0%
2012m02	35,00	33,40	32,14	34,47	34,28	39,63	33,77	35,75	37,08	31,89	33,54	36,10	33,91	31,09	35,37	34,4	+ 0,0%
2012m03	34,00	32,70	31,46	32,74	33,41	39,63	33,14	34,25	36,48	30,94	33,38	35,13	33,49	30,28	34,55	33,5	- 2,5%
2012m04	34,00	31,95	30,78	29,90	30,88	39,63	32,30	33,75	34,78	31,18	32,86	34,27	32,30	28,32	33,53	32,3	- 3,5%
2012m05	34,00	30,85	30,78	29,52	28,84	39,63	29,63	32,75	33,73	30,80	32,57	33,48	31,03	27,36	32,61	31,6	- 2,3%
2012m06								32,00									
MEDIA	35,35	34,11	31,35	32,97	33,76	38,76	32,69	36,21	35,54	31,28	31,40	35,32	33,01	30,23	34,59	33,8	
Xaneiro 2011 - Maio 2012																	

Fonte: CIRCA. UE

Unha situación que se veu agravada pola suba dos custos de produción e a seca que vivimos a última primavera. Así, nos últimos anos os custos de produción e o prezo do leite evolucionaron de maneira moi diferente: os fertilizantes, os combustibles, a

electricidade e o penso para vacún de leite experimentaron subas espectaculares mentres que o prezo do leite apenas experimentou cambios. Dende o ano 2005 os ingresos por venda de leite subiron un 0,9% e os custos de explotación subiron un 29,6% (os alimentos para o gando subiron un 33,9%, os fertilizantes un 60,2%, os gastos enerxéticos un 50,4%) o que motivou unha caída da renda do 43%.

Índice de prezos percibidos e pagados. Ano 2005 = 100

	20 05	20 06	20 07	20 08	20 09	20 10	20 11
Leite	100	99,7	123	124	93,2	96,2	100,9
Alimentos gando	100	101,2	115,6	133,3	112	115,5	133,9
Fertilizant es	100	103,6	110,2	181,8	150,7	133	160,2
Enerxía	100	107,8	111,1	133,6	106,3	127	150,4

Fonte: MAGRAMA

Estes factores debuxan, en definitiva, un escenario pouco alentador para os que vivimos do sector primario en Galicia. Tal é así, que o lácteo galego está ao borde da súa desaparición e con el non só un tecido económico que da emprego a mais de 66.000 persoas na nosa Comunidade Autónoma, entre emprego directo, indirecto e inducido, asentado no rural, en pequenos autónomos, en actividades coma a construción, o comercio, a hostalería, talleres, servizos de contratación de maquinaria e outros. É un feito ben sabido que moitas das comarcas do rural galego teñen unha total dependencia económica do sector, pois a redución nos ingresos do leite reduce á súa vez os ingresos doutras actividades das zonas rurais, que contribuen de xeito capital ao mantemento dun medio cada vez máis despoboado.

As organizacións de produtores trasladámoslle ao Presidente da Xunta de Galicia o pasado día 5 de xuño no marco da Mesa do Leite, a necesidade de impulsar diante do Goberno do Estado unha iniciativa política urxente e contundente que impida o estrangulamento financeiro do sector lácteo. Así mesmo, fixemos fincapé na importancia do impulso dun acordo entre industria, produtores e Administración para acadar unha postura común diante da distribución de cara a impedir que as explotacións galegas, a pesar de teren un mercado de proximidade deficitario de leite, vexan como as francesas perciben un maior prezo a pesar de estar nun marco claramente excedentario.

A día de hoxe seguimos sen solucións, e a situación do sector é aínda máis sombría, xa que dende entón, producíronse novas baixadas de prezos ó produtor, e pola contra, as materias primas para a fabricación de pensos, seguiron disparándose, especialmente a soia.

Polo exposto, propónse a aprobación da presente MOCIÓN polo pleno da corporación municipal de Outeiro de Rei, para apoiar nas administracións correspondentes, e solicitar do Presidente da Xunta de Galicia o seguinte paquete de medidas:

1º Esixir aos Ministerios de Agricultura e Economía que non permitan que a distribución francesa e alemá nos trate como o sumidoiro para a súa produción láctea a custa de arruinar zonas produtoras como Galicia.

2º Que no exercicio das súas responsabilidades tome as iniciativas oportunas para impedir a discriminación de prezos que as empresas exercen sobre o leite galego, articulando mesas de negociación entre produtores, industria e distribución semellantes as que se deron en países veciños como Francia.

3º A posta en marcha dun observatorio de prezos das materias primas, que permita valorar a súa evolución de xeito transparente.

4º Que formule nas instancias que corresponda e con urxencia, as modificacións normativas que aseguren unha aplicación axeitada dos contratos no sector lácteo. A pesar do inmediato destes cambios, algunhas cuestións legais están pendentes de regular, tales coma os criterios de fixación do volume nos contratos ou a necesidade de regular a figura do mediador con capacidade de resolver discrepancias entre produtores e industria.

5º Que traslade á Consellería do Medio Rural a necesidade de reforzar as partidas de axudas á modernización das explotacións e, sobre todo, que actúe de xeito decidido contra o déficit de terra que padecen as explotacións galegas, que está a limitar a rendibilidade das mesmas e a comprometer o futuro das axudas europeas que estarán ligadas á superficie agraria.

En Outeiro de Rei, a 3 de setembro de 2012”

Rematada a defensa da moción polo voceiro do grupo municipal do PP, toma a palabra o voceiro do grupo municipal do BNG, quen afirma que o sector lácteo require dunha defensa efectiva, e anuncia que o seu grupo presenta unha enmenda á moción co gallo de propoñer unha serie de medidas que van máis aló do proposto na moción presentada polo grupo municipal do PP. A continuación dá lectura ao texto da enmenda.

O voceiro do grupo municipal do PSdG-PSOE, quen manifesta que, en liñas xerais, están de acordo coa moción, e anuncia o apoio á mesma se se incorpora a moción proposta polo BNG.

O voceiro do grupo municipal do PP afirma que o seu grupo podería estar de acordo nalgunha das medidas relatadas na enmenda, pero recorda que o texto da moción foi consensuado polos sindicatos Unións Agrarias, Xóvenes agricultores e Sindicato Labrego Galego, e considera que o sector atópase axeitadamente representado por estas organizacións sindicais, polo que propoñen aceptar o texto tal e como se solicita polo sector lácteo e anuncia que o seu grupo rexeitará a enmenda do BNG.

O voceiro do BNG afirma que está de acordo coa moción, pero pensa que pode mellorarse, e pon coma exemplo o feito de que a Xunta está a pagar ás empresas transformadoras preto de 7 millóns de euros e logo as empresas nalgúns casos non pagan aos produtores, o que non pode ser.

O voceiro do PSdG-PSOE insiste en que está de acordo con calquer medida que respalde ao sector, e propón que se vote a enmenda de xeito separado ou que se presente coma moción en outro pleno.

Finalmente, o voceiro do PP asegura que o seu grupo podería introducir modificacións no texto da moción, pero non vai a enmendar a plana aos sindicatos do sector lácteo, polo que rexeitará a moción do BNG.

Rematado o debate sométese a votación a enmenda presentada polo grupo municipal do BNG.

Realizada a votación, a enmenda resulta rexeitada con dous votos a favor, pertencentes aos concelleiros dos grupos municipais do BNG e máis do PSdG-PSOE, e con oito votos en contra.

A continuación sométese a votación a moción transcrita.

Realizada a votación, a moción resulta aprobada pola unanimidade dos membros presentes.

Non habendo máis asuntos a tratar, o Alcalde levanta a sesión, sendo ás quince horas e dez minutos da data do encabezamento.

O Secretario

VºBº; O Alcalde